



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## BORRADOR ACTA

### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - SALON DE PLENOS DA CASA CONSISTORIAL, XOVES 27 DE SETEMBRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

#### **PRESIDE:**

MARIA JESUS NOVO GOMEZ ( Do grupo municipal do PP )

#### **ASISTEN:**

#### **PP**

LUIS RICO VEREA

ELISARDO MONTERO CASTRO

JESUS ANGEL COSTOYA RUA

ROGELIO SUEIRO CARRO

#### **PSOE**

ANA LEDO FERNANDEZ

SANDRA SANCHEZ IÑIGUEZ

ABELARDO SEOANE VAZQUEZ

#### **BNG**

RAQUEL VAL VAZQUEZ

XOSE LUIS RIVAS CRUZ

#### **Non Adscrito**

JOSE BALADO CASAL

**AUSENCIAS:** Non.

#### **SECRETARIA - INTERVENTORA:**

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

## 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 26/04/2018 expón o concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas que non consta a data na acta polo que se somete a votación ordinaria a súa aprobación rectificando a mesma para que conste a data da sesión 26/04/2018 e resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

A continuación pregunta a Presidencia se existe algunha obxección á acta da sesión extraordinaria realizada en data 3/08/2018 expón a concelleira D<sup>a</sup> Ana Ledo que non manifestou en ningún momento que o Festival de la Luz fose un negocio que quere que se aclare e rectifique a acta xa que ela o que preguntou foi que ocurriría se na fiscalización por -Diputación das contas hai problemas, polo que se somete a votación ordinaria a súa aprobación rectificando con esta aclaración a mesma e resulta aprobada por maioría cion 10 votos dos Sres./Sras. Concelleiros/as a favor, e a única abstención do concelleiro do grupo municipal do PSdG PSOE D. Abelardo Seoane Vázquez.

## 2.- PROPOSTA APROBACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA XESTIÓN DE BIOMASA EN FAIXAS SECUNDARIAS

Pola secretaria dase lectura a proposta relacionada con este punto da orde do día tal e como segue: “Vista Orde da Consellería do medio rural de 9 de agosto de 2018 en DOG de data 17/08/2018 n.º 156, pola que se publica o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecementos dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Considerando necesaria a sinatura de convenio de colaboración nos termos de dita orde para mellora a eficacia e eficiencia no exercicio das competencias municipais en materia de prevención de incendios.

Polo presente en uso das facultades outorgadas legalmente propono que o Pleno municipal **ACORDE:**

**PRIMEIRO.-** Adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado nos considerandos desta proposta, asumindo as obrigas e compromisos derivados del e con suxeición plena a todas elas.

**SEGUNDO.-** Autorizar á Alcaldía a sinatura de dito convenio de colaboración “

Signala a Alcaldesa que se trata dun convenio para facilitar a xestión das faixas secundarias nos Concellos, tendo dificultades para dita execución e no que se regula que os propietarios poidan contratar dita limpeza ó Seaga.

A Alcaldesa dalle a palabra ó voceiro do grupo municipal do BNG D. Xosé Luis Rivas que expón que asinar este convenio supón asumir a responsabilidade subsidiaria que ten o Concello o que a Xunta traspasa competencias que non lle pertencen sen medios. Expón todos os trámites que son necesarios para chegar a execución dunha orde de execución de limpeza e que o tempo de media sería de cinco meses non tendo o Concello medios. Continúa destacando que a ordenación do territorio e unha competencia da Xunta non do Concello, sinala que do Concello só en parte, e que se trata dunha chantaxe xa que de non adherirse o Concello pode ter problemas.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Expón que o seu entender a FEGAMP actúa cunha deixadez dos intereses municipais.

Crítica o importe do convenio que se fixa en custe de 350€ hectárea para limpeza considerando que cada Concello ten unha ortografía e características propias que impiden regular un prezo unitario. Crítica que as faixas poden ser xestionadas un ano e outros non, e reclama axudas útiles e rentables para os propietarios.

Di que o Presidente da Xunta polos incendios de outubro do ano pasado colle medidas que derogou do 2009 do bipartito de BNG e PSOE.

Conclúe que esta proposta de Convenio tiña que contestarse solicitando axudas, cartos persoal...que o traballo nesta materia debería asumilo o distrito forestal, que non se debe asinar un Convenio con este contido.

Sen máis intervencións con maioría absoluta por 6 votos a favor ( 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do membro non adscrito ) con 4 votos en contra ( dous das concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE e 2 dos concelleiros/as do grupo municipal do BNG) e coa abstención do concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE D. Aberlardo Seoane Vázquez o Pleno municipal **ACORDOU**

**PRIMEIRO.-** Adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado nos considerandos desta proposta, asumindo as obrigas e compromisos derivados del e con suxeición plena a todas elas.

**SEGUNDO.-** Autorizar á Alcaldía a sinatura de dito convenio de colaboración

### 3.- PROPOSTA APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2017

Pola Secretaria dáse lectura á proposta relacionada con este punto da orde do día tal e como segue:

“Visto que na Comisión Informativa Permanente Especial de Contas de data 31/05/2017, en cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, procedeuse pola Comisión Permanente Especial de Contas ó exame da Conta Xeral do Orzamento da anualidade 2017 para o que tivo á vista dita Conta cos documentos correspondentes.

Examinados ditos documentos e resultando que confrontada a referida Conta Xeral co Orzamento, cos acordos de modificación do Estado de Gastos a liquidación do orzamento, mandamentos de pago e ingreso, acta de arqueo ó final do exercicio, a Comisión estimou que quedou debidamente xustificada dita Conta.

Visto informe de secretaría intervención a dita conta xeral que sinala o procedemento e se remite en relación ó contido ó xa informado en informe á liquidación do orzamento 201

.Entendendo procedente a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2017, non obstante, o cal previa exposición ó público, o Pleno do Concello co seu superior criterio acordará o que estime conveniente.

Exposta ó público a referida Conta Xeral municipal correspondente ó exercicio 2017 durante quince días e oito máis, non constando, reclamacións nen observación presentadas por interesados, solicito que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2017 do Concello de Boimorto.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**SEGUNDO.-** Render a Conta Xeral do exercicio 2017 ante o Tribunal de Contas”

Sinala a Alcaldesa que esta conta foi exposta sen que consten alegacións presentadas contra a mesma.

Sen máis intervencións por maioría absoluta con 6 votos a favor ( 5 dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, 1 do membro non adscrito ) e con 5 abstencións ( 3 dos concelleiros/as do grupo municipal do PsdG-PSOE e 2 dos concelleiros/as do grupo municipal do BNG ) o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2017 do Concello de Boimorto.

**SEGUNDO.-** Render a Conta Xeral do exercicio 2017 ante o Tribunal de Contas

### **4.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS**

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía Presidencia ditadas entre os días 26/06/2018 ata 24/09/2018 números 271 (2018) a 418 (2018).

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que non entre no punto de rogos e preguntas.

Non se formulan mocións de urxencia polo que a Alcaldesa para o seguinte punto da orde do día.

### **5.-ROGOS E PREGUNTAS:**

A Alcaldesa apertura este punto da orde do día dando a palabra ó concelleiro do grupo municipal do BNG D. Xosé Luis Rivas Cruz que fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1.- Pregunta á Alcaldesa se decidiu algo sobre a futura subscrición ó Diario Galego.
- 2.- Pregunta e roga a Alcaldesa que explique a retirada de competencias á Xunta de Goberno Local.
- 3.- Pregunta se o goberno municipal ten estabilidade ou non xa que ve votacións contrarias e falta de confianza.

Resposta a Alcaldesa pedindo a Secretaría que explique a retirada de competencias, expón esta Secretaría que ante o retraso na contratación pola posta en marcha da contratación electrónica e tendo en conta que era xa práctica habitual, ven por xustificar subvencións a tempo ou por urxencia na contratación e subministro deixábase sen efecto a delegación por decreto continuamente, por eficacia. Explica que as competencias delegadas na Xunta de Goberno en materia de contratación pertencen á Alcaldesa e que por esta Secretaría se solicitou para axilizar a contratación dita medida. Remata sinalando que non se sacaron todas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local só as de contratación.

O concelleiro do grupo municipal do BNG D. Xosé Luis Rivas critica que decisións deste calado non se consulten coa oposición e roga que non sexa así.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A Alcaldesa di que ela falou con membros da Xunta de Goberno, e dille que recoñeza que se din cousas que non son certas.

4.- Pregunta o concelleiro D. Xosé Luis Rivas como se controla o gasto de gasoil do Concello e se é excesivo.

Resposta a Alcaldesa que na última revisión vehículo a vehículo matrícula por matrícula non se atopou incidencia.

5.- Pregunta o concelleiro como foron repartidas as entradas que para o Festival de la luz foron entregadas á Alcaldesa.

Resposta a Alcaldesa que se repartiron como todos os anos unhas 210 para xente que participou no Magreco, tamén se entregaron entradas ós traballadores incluídos aos temporais e a veciños de Andabao.

Roga o concelleiro que non se faga dito reparto así que debe ser equitativo, que hai costumes que hai que cambiar, que non hai diferenza nin cos concelleiros que forman parte do Pleno.

Resposta a Alcaldesa que a ela cando era concelleira tampouco lle entregaban entradas.

6.- Pregunta o concelleiro quen paga o médico e enfermería do Festival.

Resposta a Alcaldesa que o paga a organización.

O concelleiro solicita que conste en acta que a Alcaldesa nega pagalas por Concello, que foron setecentos e pico euros.

A Alcaldesa insiste en que o Concello non o pagou.

Sigue preguntando o concelleiro se hai algún pago para o Festival que non sexa o da subvención.

Resposta a Alcaldesa que hai gastos en mantemento da parcela. A Alcaldesa sinala que se gasta en abono na parcela, con persoal noso pero ante a protesta do concelleiro de que os servizos municipais, deixan de estar atendidos, a Alcaldesa di que non é así.

7.- Pregunta o concelleiro que acontece coas necesidades de reparacións na Residencia e a cantidade de baixas do persoal que alegan que hai sobrecarga de traballo, que tardan en cubrirse as baixas, que non cobran nin domingos nin festivos, problemas de espazo masificación e pregunta se hai denuncias por ilegalidade dos contratos e seguen por pacto individual rogando un modelo novo de contrato.

Resposta a Alcaldesa que o director de obra despois de asinar defectos vicios en obra tras alegacións da construtora xira de criterio e parece darlle a razón o que non se entende así que vai falar coa Deputación Provincial e coa empresa que fixo control de calidade e informes para o seguro decenal.

Pregunta o concelleiro se hai expediente. Resposta a Alcaldesa que si.

Sobre as baixas de persoal na Residencia expón a Alcaldesa que hai 11 de baixa, unha por risco no embarazo o resto por enfermidade común con informe médico de cabeceira.

O concelleiro do BNG roga un estudo do custe de persoal con estas baixas.

A Alcaldesa di que hai baixas mal xustificadas, que a ratio de persoal vai por riba do legalmente necesario e que se rebaixou a carga de traballo.

Continúa a Alcaldesa dicindo que xa se licitou a obra de ampliación da sala. Sobre as contas na Residencia di que se cobraron 421.736€ e gastaron 372.000€ polo que hai un superávit de 49.233€ sen contar nóminas setembro con atrasos de incrementos salariais do 1,5 e 0,25 regulados na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Sobre denuncias si que di a Alcaldesa que se gañaron nos xulgados denuncias de persoal que solicitada o recoñecemento de indefinido non fixo sen ter dereito e que seguen denuncias doutro persoal que xa todos saben por horas extraordinarias etc.

O concelleiro do BNG pregunta se hai posibilidade de convenio co persoal laboral roga vontade política.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Resposta a Alcaldesa que sería necesario que fose acompañado de RPT según Secretaría.

O concelleiro do BNG di que hai que subir salarios e que él apoia iso con independencia dos informes.

8.- Roga espello en Cardeiro que se dixo que non . Resposta a Alcaldesa que non foi así que están pedidos.

9.- Roga toallas nos baños municipais.

10.- Roga o uso do galego cando se vincula o Festival co Concello de Boimorto.

A Alcaldesa dálle a palabra á concelleira D<sup>a</sup> Sandra Sánchez Iñíguez (abandona o Pleno o concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas sendo as 20:45 h) que fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta polas deficiencias en cloro faltando auga potable.

A Alcaldesa di que cando veu a inspectora á inspectora dáballe mal o cloro e a Toñito ben. Que se tomaron medidas contratando melloras e que dende a Xunta a semana anterior xa mandaron outro coa inspectora, e a éste e a Toño dáballes ben e a ela non. ( entra o concelleiro D. Xosé Luis Rivas sendo as 21:48 horas )

2.- A concelleira roga no parque da Gándara amañar entrada e limpeza do rexistro.

A Alcaldesa indica que xa se deron ordes sobre iso.

Reclama a concelleira unha sombra no parque.

3.- Continúa a concelleira rogando limpeza en aceras, parque de Boimorto, contenedores.

4.-Pregunta a concelleira se pode pedirse utilización compresor do Concello de forma particular para algún en concreto.

Resposta a Alcaldesa que non.

5.- Roga a concelleira un Plan de dinamización do Camiño de Santiago no Concello.

Di a Alcaldesa que os peregrinos atópanse con problemas ata para cear en Boimorto.

Discuten ambas sobre as actividades de dinamización.

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do grupo municipal do BNG D<sup>a</sup> Raquel Val Vázquez que fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Roga que o Festival faga bandos e publicidade en galego.

2.- Roga se melloren as labores de limpeza no Festival xa que este ano estiveron mal.

3.- Roga as contas do Festival.

4.- Roga se atendan problemas de firme e necesidade de desbroces en Rodieiros.

5.- Roga se acabe o abandono da obra que se fixo en Santarándel. A Alcaldesa di que se limpou a semana pasada.

6.- Pregunta polas obras no centro de saúde.

Resposta a Alcaldesa a estes rogos e preguntas da concelleira sinalando que se terá en conta o rogo en relación co uso do galego na difusión do Festival.

Sobre as labores de limpeza no Festival sinala que se fixeron ben e incluso chegaron felicitacións.

Sobre as contas do Festival di que se amosarán cando xustifiquen.

En relación a labores para reparación de estradas e desbroces, indica que estase a levar a cabo a contratación de obras e que os desbroces siguen realizándose.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Explícalle as obras do centro de saúde dando importancia á separación da electricidade entre o centro de maiores e o centro de saúde o que permite ceder o mantemento do centro de saúde á Xunta ó Sergas.

Ás 21:00 horas horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Boimorto, xoves 27 de setembro de 2018

A alcaldesa, MARIA JESUS NOVO GOMEZ	A secretaria, Rebeca Vázquez Vazquez
--	---